

DOCUMENTO DE ANÁLISE

Revisión das autorizacións ambientais integradas (AAI)

**2006/0184 NAA/IPPC 131 E 2005/0093 NAA/IPPC 130 de ALCOA (ALUMINIO
ESPAÑOL, SLU; ALÚMINA ESPAÑOLA SA)**

por parte da D. X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático



ADEGA – Secretaría técnica

Setembro de 2020

Con data 30/06/2020 a D. X. de Calidade Ambiental e Cambio Clímático aprobou a revisión da AAI das instalacións industriais de ALCOA en San Cibrao, e en vigor o 1/7/2020. O procedemento de revisión iniciouse en 2019 e ADEGA achegou alegacións, baseadas no informe elaborado pola secretaría técnica¹.

Resultado da AIA: emisións á atmosfera

ALCOA solicitaba seguir a ultrapasar os límites de emisión² por un periodo de 8 anos para fluoruros totais, HF e partículas na fabricación de ánodos (MTD 60), valores que superaba amplamente por un factor de 20 e 14 respectivamente.

A empresa xustificaba a súa solicitude co seguinte argumento: para poder cumprir os valores límite de emisión a única alternativa viable era a instalación dun lavador seco para os gases do forno de cocción de ánodos, utilizando alúmina como axente adsorbente. Porén, ALCOA indicaba que non é posible instalar un equipo estándar, debido ás restricións no espazo dispoñible. Este feito, unido á necesidade de executar instalacións específicas para o transporte de alumina, de subministro eléctrico e á necesidade de adoptar medidas adicionais de seguridade por ter que realizarse a montaxe nunha instalación en operación, facían que o custo de implantación da técnica nesta instalación fora significativamente superior ás referencias de custo incluídas no documento BREF da industria de metais non férreos.

A maiores, ALCOA presentou unha análise custe-beneficio redactada polo Grupo de investigación “Creación de Valor Sostible nas Organizacións GI-2016”, do IBADER (USC) para valorar a relación entre o custo de acometer o investimento e o beneficio ambiental resultante. Para a valoración económica consideraron os custos e/ou beneficios privados ou internos e os custos e/ou beneficios sociais ou externos (impacto sobre o medio ambiente e a saúde), e o estudo conclúe que o custo do investimento é desproporcionado fronte ao beneficio ambiental.

Na revisión da AAI, a Xunta autorízalle a ALCOA esta excepción:

Substancia	Unidades	Valor límite Directiva	Valor autorizado Xunta
Partículas	mg/Nm ³	2-5	45
HF	mg/Nm ³	0,3-0,5	4
Fluoruros totais	mg/Nm ³	<0,8	5

Sobre a legalidade desta excepción, o artigo 7.5 do Real decreto legislativo 1/2016³ polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da

¹ http://www.adega.gal/media/documentos/Infome_AAI_ALCOA_2019-pub.pdf

² DECISIÓN DE EJECUCIÓN (UE) 2016/1032 DE LA COMISIÓN de 13 de junio de 2016 por la que se establecen las conclusiones sobre las mejores técnicas disponibles (MTD) conforme a la² Directiva 2010/75/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, para las industrias de metales no ferrosos: <http://www.prtr-es.es/Data/images/Decisionmetalurgianoferrea.pdf>

³ <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2016-12601>

contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) permite que o órgano competente fixe, en determinados casos, valores límite de emisión menos estritos. Esta excepción unicamente pode invocarse se se pon de manifesto mediante unha avaliación que a consecución dos niveis de emisión asociados coas mellores técnicas dispoñibles (MTD) tal e como se describen nas conclusións relativas ás MTD daría lugar a uns custos desproporcionadamente máis elevados en comparación co beneficio ambiental debido:

- a) Á localización xeográfica ou a situación da contorna local da instalación de que se trate, ou
- b) Ás características técnicas da instalación en cuestión.

A Xunta acepta as xustificacións de ALCOA para autorizarlle a excepción nos límites de emisión atendendo ao apartado b) da norma antes citada, e xustificándoo cos argumentos de ALCOA sobre os custos, o informe do IBADER e a adopción doutras medidas na fatoria, como a conversión a gas natural da fundición e da caldeira da fábrica de pasta; e a implantación de “filtros estrela” na electrólise.

Resultado da AAI: verteduras ao medio acuático

ALCOA solicitou unha modificación dos valores máximos de flúor nas súas verteduras ao medio acuático, incrementándoos a 15 mg/l en 2020, que pasarían 10 mg/l en 2022 e a 8 mg/l en diante. Cómpre lembrar que a Xunta xa autorizou á empresa en 2017 elevar os valores máximos de flúor nos efluentes de 8 mg/l a 17mg/l en 2018, 15 mg/l en 2019, 10 mg/l en 2020 e en diante 8 mg/l. A excusa foi *“permitir evacuar el agua sobrenadante (agua superficial) existente en el depósito minero hasta alcanzar 250.000 m³.”* Este obxectivo fracasou, como se verá no apartado referente ao depósito de lamas vermellas.

Nesta revisión da AAI a Xunta autoriza a ALCOA a verter 7,5 millóns de m³ de augas residuais ao ano ao medio, a maior parte delas á ría de Viveiro através dun emisario. As augas residuais industriais contaminadas províntes tanto dos procesos industriais como da balsa de lamas vermellas son tratadas no sistema de tratamento da planta de Alúmina.

En canto á calidade destas verteduras, a administración **autoriza o aumento dos límites de contaminantes** solicitado por ALCOA, particularmente de Fluoruros até os 15 mg/l de media mensual até finais de xullo de 2022; 10 mg/l até finais xullo de 2023 e 8 mg/l en diante. Paralelamente autoriza incrementar o bombeo da auga sobrenadante até os 200 m³/h.

Polo que atinxe aos valores límite de Fluoruros autorizados para as augas residuais “sen risco de contaminación” xeradas tanto na planta de aluminio como no depósito de lamas vermellas e que son vertidas directamente á ría, os límites de Fluoruros son de 6 mg/l para ambas as dúas, permitíndose ademais un pH máximo de 9,5.

Como referencia, os valores máximos de Fluoruros establecidos no RD 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguemento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, son de 1,7 mg/l.

Resultado da AAI: o depósito de lamas vermellas

Coa xustificación de executar o *“Proyecto de cierre y clausura del depósito de barros rojos con seguridad”* ALCOA pediu novamente (xa se lle autorizou en 2017) superar os límites para o flúor nos efluentes vertidos á ría (ver apartado anterior). A empresa invocaba a necesidade de *“...evacuar el agua sobrenadante (agua superficial) existente en el depósito minero hasta alcanzar 250.000 m³”*.

ADEGA solicitou á Xunta a documentación deste proxecto de peche e clausura xunto cos resultados das inspeccións realizadas pola administración na balsa, aliás de información sobre os avais e seguros. A Xunta traslada a ALCOA a nosa petición por ser parte interesada, e esta alega que o proxecto de peche e clausura da balsa contén documentación que se atopa en curso de elaboración. A Xunta resolve por unha banda permitir o acceso aos informes de inspección e aos seguros e avais, denegando entregar o proxecto de peche e clausura atendendo ao artigo 13.1 d) da Lei 27/2006 por la que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Este apartado da norma refírese ao material en curso de elaboración (proxecto de peche e clausura), e a Xunta indica que seá subministrado cando remate o procedemento e que mesmo sairá a exposición pública.

A documentación subministrada, polo que atinxe aos informes relativos á situación da balsa de lamas, consta dunha variada e non sistemática ristra de documentos internos da administración, por veces repetidos, e informes de consultoras. Da análise desta documentación destaca o seguinte:

- 1.** O "Proxecto de Peche do Deposito de Barros Vermellos" presentouse por ALUMINA ESPAÑOLA SA e a empresa GOLDER Associates Global Ibérica S.L.U na delegación de Lugo de Industria os días 22 de xaneiro, 29 de abril e 09 de setembro do 2014, con unha addenda o 9/7/2015 e outra actualización no 30 de maio do 2019. Actualmente segue en estudo.
- 2.** O volume de auga sobrenadante na balsa abeira 1,5 millóns de m³, sendo preciso reduci-lo a 250.000 até a finalización deste proxecto no horizonte da cota 100 (ano 2025) para garantir a viabilidade da execución do proxecto de selado e clausura. A distancia da auga ao dique non pode ser inferior a 50m para asegurar a súa estabilidade. O vertido de lamas vermellas cesará cando o dique acade a cota 118, chegando á 121 co recubrimento, o que podería acontecer no ano 2032.
- 3.** O sistema de tratamento e depuración de efluentes non ten capacidade para asumir o exceso de auga sobrenadante da balsa de lamas para acadar o obxectivo de reducir esta auga a 250.000 m³.

4. Entre 2018 e 2019 os informes de seguemento trimestrais da consultora GOLDER Associates Global Ibérica S.L.U poñen de manifesto incidencias como altos contidos de fúor na auga da balsa; bombeos por baixo do requerido; insuficiente capacidade de tratamento; proximidade da auga aos diques con aumento das filtracións, entre outras.

5. As lamas de depuración da antedita planta de tratamento eran recirculadas á balsa lamas vermellas producindo unha nova redisolución dos compostos fluorados pola auga sobrenadante. Posteriormente (2016) autorizouse a ALCOA a seguir depositándoas no oco da balsa en celas pechadas, para evitar a reinxección de contaminantes.

6. ALCOA tentou depositar “*lodos grises*” primeiro, e “*lodos grises + barros rojos*” (5%+95%) despois, na balsa de lamas vermellas. A Xunta denegoulle (2015) a autorización de vertedura por non constituiren as lamas grises procedentes doutros procesos industriais un residuo mineiro, debéndose xestionar consonte a lexislación de residuos e solos contaminados.

Resultado da AAI: seguros e garantías financeiras

A Xunta achega a seguinte documentación:

-Garantía financeira regulada na Lei 26/2007 de responsabilidade medioambiental en forma de aval bancario por un importe máximo de 5.732.211,53 €.

- Certificado de seguro de responsabilidade civil por un importe de 5.000.000 \$ por sinistro e ano, correspondente ao periodo entre el 1 xullo de 2020 ao 30 de xuño de 2021. A aseguradora é Chubb European Group SE e domicilio social en Madrid.

- Reserva para a clausura do depósito de lamas vermellas dotada nos libros da “Sociedad Alumina Española, S.A.” e que a 31 de decembro de 2019 ascende a 15.542.734 €.

CONCLUSIÓN:

Para as **emisións á atmosfera**, concretamente de compostos fluorados e partículas que superan os límites fixados pola lexislación vixente⁴, en especial na fabricación de ánodos, a Xunta acepta na súa integridade os argumentos de ALCOA e permite as excepcións solicitadas para aforrar á empresa custos de produción.

A xustificación de que non hai espazo e da dificultade técnica para abordar as melloras necesarias, e que portanto resulta un “custo desproporcionado fronte aos beneficios ambientais” é asumida pola administración, que se apoia nun informe do IBADER.

Deste xeito, a Xunta dá por boa a chantaxe da empresa que xa insinuara que reducir o exceso de contaminantes na produción dos ánodos non pasaba por cumprir a lei e

⁴ Real Decreto Legislativo 1/2016, de 16 de decembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de prevención y control integrados de la contaminación: <https://www.boe.es/eli/es/rdlg/2016/12/16/1>

instalar un lavador seco, senón polo permiso da administración para contaminar máis, ou polo peche desta unidade e o despedimento de 35 persoas.

Para as **verteduras ao medio acuático**, a Xunta volve a ceder fronte a ALCOA e autoriza unha prórroga na superación dos valores de emisións de compostos fluorados nos seus efluentes, novamente coa excusa de poder cumprir cos prazos fixados polo proxecto de peche e clausura, que obrigan a reducir drásticamente o volume de auga sobrenadante na balsa.

A Xunta volve a asumir os argumentos de ALCOA en troques de obrigar á empresa a instalar sistemas de depuración máis eficientes e así tratar axeitadamente máis volume de auga en menos tempo, para enviala á ría con menos carga contaminante.

Para a **balsa de lamas vermellas**, a Xunta é consciente das numerosas eivas que presenta debido a unha deficiente planificación na súa xestión por parte de ALCOA. Acepta a pretensión da empresa de solucionar os problemas de estabilidade causados por un exceso de auga sobrenadante drenando esta á ría con valores de contaminantes máis altos do recomendado. Unha fuxida cara adiante que non sabemos cando rematará, pois ALCOA pretende seguir facendo uso desta instalación cando menos até o 2025. Cómpre lembrar que proxecto de peche e clausura do depósito de lamas vermellas foi presentado en 2014 e aínda está en tramitación por parte da Xunta, despois de varias modificacións e “addendas”, e non podemos avalialo por canto se nos denegou o acceso a esta información.

Finalmente, a respecto dos **seguros de responsabilidade civil e medioambiental**, seguimos considerando manifestamente insuficientes as cantidades previstas por ALCOA para cubrir eventuais accidentes, particularmente os 5.732.211,53 € en forma de aval bancario para afrontar a súa responsabilidade ambiental.

Fins Eirexas, secretaría técnica de ADEGA

Setembro de 2020